



## Santo André de Trobe

André vén do grego **Andreas**. Algúns autores explicano derivado de **andreia** 'valor, virilidade', outros como a redución cariñosa dalgún nome composto de **andr-** 'home, varón' (como *Andrócles*, *Andromachos*), da mesma maneira que nós reducimos *Adelaida* en *Adela*. A forma *Andreu* consérvase como apelido. Emprégase tanto coa forma *san* coma con *santo*.

Este apóstolo era irmán de San Pedro e tamén pescador. Foi o primeiro seguidor de Cristo e evangelizou Escitia (na actual Rusia) aínda que este apostolado non está confirmado, admítese que estivo no mar Negro e na Ucraína. Segundo a lenda, un anxo mandouno visitar a Mateo, o cal estaba cego e preso na Etiopía. Finalmente volveu a Grecia e estivo en Macedonia e no Peloponeso, onde sufriu martirio: atárono a unha cruz en forma de aspa, sen cravalo, para que a agonía fose máis lenta e despois de dous días morreu. É un dos santos máis antigos no culto hispánico (séc. VI).

Aparece vestido con túnica e manto e leva un libro na man. O seu atributo persoal é unha cruz en aspa.

A súa festividade celébrase o 30 de novembro e tamén o 8 de setembro.

Un dos *San Andrés* máis coñecido en Galicia é o de Teixido, un santo de morte (alí vai de morto quen non foi de vivo) e de amor (lémbrese a herba de namorar).



### Trobe

Segundo Menéndez Pidal o primeiro elemento da forma medieval **Talobre** (do que vén *Trobe*) sería o tema mediterráneo **tala**, que significaba 'superficie, chan'.

O segundo elemento, **-obre**, procede do tema céltico **brig-**, de nominativo **-brix**, que en época antiga presentan varias variantes: *brica*, *briga*, *bria* ou *bris*. Segundo Elixio Rivas, este elemento presenta a seguinte evolución semántica: monte>monte fortificado>cidade forte>cidade. Caro Baroja e Moralejo Lasso ofrecen unha evolución do significado similar.

O topónimo completo significa 'monte ou castro do chan'.



### Vilarpíneiro

Este topónimo fai referencia, na súa primeira parte, a un **vilar** ou **villare**, é dicir, a un pequeno núcleo poboado, aldea, quinta, de acordo co significado da palabra galega 'vilar'. A segunda parte vén da forma latina **pinariu** e este á súa vez de **pinu** 'pino'.

Gonzalo Navaza, comenta que o nome singular é máis abundante na toponimia cós derivados colectivos, o que pode ser debido á que os bosques de pinos non eran tan abundantes e numerosos, senón que estas árbores se atopaban dispersas e illadas, como exemplares únicos; pensemos en todos eses *pinos* que aparecen na documentación antiga como se fosen marcos para delimitar as leiras.



### Bazar

A orixe deste topónimo atopámola nun apelativo dun antigo posesor en xenitivo, que nos daría o étimo \* (*villa*) **Bazarii**, 'vila de *Bazarii*', por alusión a unha vila ou quinta propiedade dun terrateniente medieval chamado **Bazarius**.



### Malfurado

A base deste nome procede da partícula preindoeuropea **\*mal**, **\*mel** 'rocha, altura, pico'.



### Xián

Procede do latín **lulianus**, cognomen moi frecuente, derivado do xentilicio **lulius**, da gens 'familia' **Iulia**.

Debemos precisar que algúns *Xián* galegos teñen orixe nun nome xermánico, presente no medio galego nas formas *Egila*, *Egilanus*, *Egeo* e que significaba 'puñal'.



### Gatente

Consideramos que está vinculado á raíz **\*Gatti**.



### A Pedreira

Este topónimo procede da palabra latina **petra**, 'pedra' máis o sufixo **-eira**, que serve para crear abundanciais, así o nome sinala un lugar no que a pedra é un elemento predominante.



### Paizás

Este topónimo está formado por un étimo latino, **paniceum** ou **panicium**, 'paínzo' máis o sufixo **-alis/-e**.

Do étimo deste topónimo vén o substantivo **paínzo**, que serve para referirse a un tipo de millo tamén chamado millo miúdo. Coa chegada das novas especies de cereais traídas de América comenzou a utilizarse a palabra millo, para referirse a elas.



### Noceda

Este topónimo procede da forma latina **nuceta** e esta de **nuce** 'noz'. Os topónimos rematados en **-eda** (e tamén en **-edo**) xeralmente indican formacións ou conxuntos vexetais. A abundante presenza na toponimia galega de nomes de lugar que parten desta palabra latina é sintoma da importancia que tivo esta árbore e o seu froito.

